


As columnas de Vázquez Pintor



VICENTE ARAGÜAS



COLUMNAS DE PAPEL XOSÉ VÁZQUEZ PINTOR

Edicións Morgante, Cangas,
2012.

Practicante eu mesmo da literatura de xornal, columnista diario de DIARIO DE

FERROL durante máis dunha década, lector teimoso das columnas que pagan a pena (nunca as que se ven vir, as demagóxicas, as que non fan senón glosar as noticias que xa lemos noutras partes do xornal), recollo este libro de Vázquez Pintor, *Columnas de papel* (Edicións Morgante, Cangas do Morrazo, 2012), con expectación.

Aquela que me outorga o seguir a este autor desde hai moitos anos: como poeta en nidia evolución estética, que non conceptual, como narrador, sumamente imprevisible, como columnista "de alcance", dos que aínda tratando temas de actualidade son quen de facer deles piperetes gustosísimos con dúas e aínda tres voltas de tornelo para que o lector sinta que ten diante súa un mensaxeiro non soamente intelixente senón que trata ao receptor (que diría un refitolero) como posuidor dunha intelixencia en paralelo coa súa. Graciñas, pois, pola parte que me toca.

Sentadas estas premisas quero dicir igualmente que aplaudo a

postura arriscada de Edicións Morgante de publicar estas columnas publicadas por Vázquez Pintor, entre 1987 e 1993 (e non 2012, autor da contracapa, que iso corresponde ao tempo que leva o home de Melide en activo como columnista) en Faro de Vigo e La Voz de Galicia.

Sosteo que Morgante arrisca porque este xénero, o da columna feito libro, non ten saída doada na atonía libreira actual, reducida aos sota, cabalo e rei sabidos. E ademais, en galego. Aínda así eu recomendo de corazón un libro que nos mostra todos os Vázquez Pintor coñecidos (e recoñecidos). O narrador, o paisaxista, o loitador infatigable porque este país, pequeno, verde e melancólico non termine de írsenos das mans, o home de acción, aínda que fose diante da pizarra da aula, o amador do teatro, participante el tamén nunha xoldra dramática que nunca cesa, e mil cousas máis que podería eu dicirlles para animarlles a facerse co libro. Mais abonaría con explicarlles que o Vázquez Pintor escribe que nindiola, cousa esta tan pouco evidente no mundo do columnismo patrio, tan

"Xosé Vázquez Pintor escribe que nindiola, cousa esta tan pouco evidente no mundo do columnismo..."

cheo de mandrias que mete medo. Por iso eu fago por reservar os meus anseios lectores para articulistas cal o señor de Melide, non soamente "in situ" senón tamén para cando se dispoñen, moitos anos despois, os seus artigos en libros cal o que me ocupa. Testemuña dunha escrita de calidade que adorna un concepto ético de sete estalos. ¿Qué hai asuntos neste libro que teñen que ver coa actualidade naqueles anos? Por suposto. Acontece que xa saben aquilo de que o home é o único animal que bate dúas veces na mesma pedra. E os escépticos, os que repiten aquilo de "Santa Lilaila pariu polo dedo, certo será máis eu non o creo", que se fagan co libro. E logo falamos. De Neda.

máis Libros

O TALENTO DE CORMAC MACCARTHY

TANTOS CABALIÑOS LINDOS

CORMAC MCCARTHY
TRAD. EVA ALMAZÁN
Kalandraka / 19 euros

Galardonado en 1992 co premio literario máis importante de Estados Unidos, The National Book, Cormac McCarthy encetaba aquí unha sólida traxectoria ao tempo que iniciaba a súa "Triloxía da fronteira". A historia relata como á morte do seu avó, John Grady Cole ten 16 anos e vive no rancho familiar de San Ángeo (Texas), fundado polos seus devanceiros. Mais a nai de John decide vender a propiedade e que o rapaz vaia vivir con ela á cidade. John Grady non acepta a proposta e convence o seu mellor amigo, Rowllins, para que o acompañe nunha viaxe cara ao sur. Ambos os dous foxen a cabalo na procura da fronteira porque agardan atopar traballo de vaqueiros en México. Polo camiño darán con outro mozo, Jimmy Blevins, que semella escapar de alguén. O encontro marcará o destino da súa viaxe. Estamos ante unha historia de amizade e lealdade entre dous mozos. Transcorre na fronteira, un lugar xeográfico mais tamén literario; metáfora do desarraigamento, da viaxe, de realidades que cambian en función do lado da liña na que nos atopemos.



UN AUTÉNTICO TESOURO DE PALABRAS

LOAIRA SERODIA

MARCELINO SISTO DEIBE
Deputación da Coruña

A serodia traxectoria literaria de Marcelino Sisto segue a dar os seus froitos. Tralo escintilante "Aegean sea" (1999), no que deixaba ver a cerna dos seus intereses e o intenso traballo coa linguaxe, regresa moitos anos e non poucos premios literarios despois o ferrolán con este "fardel de poemas de temática heteroxénea zumeando léxico patrimonial". Un libro no que, por enriba de temas, a cerna do mesmo é a lingua galega, un vocabulario rico, fondo e cun rexistro variadísimo. Ten razón Antón Cortizas no seu iluminador prólogo verbo da necesidade de chamar ás cousas polo seu nome e máis nun idioma como o galego no que ás veces semella que todo vale, entre o ritual e o desleixo. E este traballo de dignificación da lingua é de amor e paixón. Como o é o do valor da experiencia, a dureza vital e a inxustiza. Un volume que recolle poemas da última década e no que algúns incluso veñen acompañados dun prólogo no que o autor debulla as súas intencións e artificios, algo pouco frecuente. Un libro que, ademais, busca axudar aos nenos con cancro da asociación Asanog e ás súas familias. E é que non hai estética sen ética.

